

*ASOCIACIÓN
"PATRONATO
DO MUSEO
ETNOGRÁFICO
DE A CAPELA"*

Estatutos

CAPITULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL.-

Artigo 1.-

1.1.- A Asociación “Patronato do Museo Etnográfico da Capela” constitúese na Capela tendo conforme ás leis capacidade xurídica propia independente da dos seus asociados, e carecendo de ánimo de lucro.

1.2.- Rexirase polas disposicións contidas nos presentes estatutos e pola Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias.

Artigo 2.-

2.1.- O Obxectivo principal desta asociación é o de crear un Museo Etnográfico que recolla o patrimonio etnográfico de Galicia e máis concretamente desta comarca.

- Este Museo radicará no Concello da Capela no local/locais que para tal cometido determine a Asociación a proposta do Concello.
- A titularidade do Museo será do Concello da Capela e o ámbito do mesmo será municipal.
- O C.E.I.P. “Mosteiro de Caaveiro” cederá os fondos da súa Colección Etnográfica para o Museo e manterá a titularidade dos mesmos reservándose o dereito a recuperalos se esta Asociación ou o Museo se dissolve.

Artigo 3.-

Son fins desta Asociación:

3.1.- A investigación, estudio, difusión, conservación, defensa e promoción da cultura galega e máis concretamente da comarca.

3.2.- Fomenta-lo coñecemento do Museo Etnográfico da Capela.

3.3.- Promover e colaborar en actividades e funcións de carácter social e cultural.

3.4.- Manter realcións, no que fai referencia ós temas culturais e etnográficos con outros centros ou institucións de carácter semellante.

3.5.- Colaborar coas autoridades competentes, con tódolos medios legais ó seu alcance, na defensa, conservación, do Patrimonio artístico e cultural da Capela.

Artigo 4.-

Para cumprir cos fins citados no artigo anterior a Asociación, ben directamente por si, pola súa Xunta Rectora ou pola dirección do Museo coidará de:

4.1.- Organizar conferencias, exposicións, seminarios, cursiños, talleres ocupacionais, visitas guiadas e outros actos divulgativos relacionados cos seus fins.

4.2.- Establecer comisións e grupos de traballo para realizar estudos, sesións de investigación, proxectos e outras actividades relacionadas co exercicio das súas funcións.

4.3.- Poderá editar traballos, boletíns, catálogos, monografías, ou calquera outro información gráfica sobre temas relacionados cos seus fins.

4.4.- Promove-la donación de fondos para a súa entrega no Museo.

4.5.- Fomentar as relacións de colaboración con institucións públicas e privadas e outras asociacións, que permitan o mellor cumprimento dos fins da Asociación.

4.6.- Organizar calquera outra actividade socio-cultural que a Xunta Rectora considere axeitada para o cumprimento dos fins da Asociación.

Artigo 5.-

5.1.- O domicilio social da Asociación radicará en, Casa Rectoral de O Pazo, 15613 – A Capela; podendo cambia-lo mediante acordo da Xunta Rectora.

5.2.- O patronato desenvolverá fundamentalmente as súas actividades no Concello da Capela e as zonas colindantes que polas súas afinidades culturais mereza o seu interese, aínda que puntualmente poderá actuar en calquera outro ámbito xeográfico se a Xunta Rectora o considerase favorable para a consecución dos seus fins.

Artigo 6.-

A entidade terá unha duración indefinida e só se disolverá na forma prevista na Lei e nestes Estatutos (Artigos 31,32).

Artigo 7.-

O idioma propio da Asociación será o Galego. En consecuencia todos os seus documentos oficiais serán redactados en galego, agás aqueles que impliquen unha relación coa administración central do Estado ou con organismos non radicados en Galicia, que serán bilingües.

CAPITULO II. DOS MEMBROS DA ASOCIACIÓN.-

Artigo 8.-

Poderán ser membros da Asociación todas as persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar, que teñan interese nos fins da Asociación, e que soliciten a súa integración ante a Xunta Rectora, que someterá o acordo a ratificación pola 1ª Asamblea Ordinaria.

Artigo 9.-

A condición de asociado/a perderáse por causa de:

- vontade propia, comunicada por escrito ante a Xunta Rectora, previo aboamento de todas as cotas que teña pendentes.
- impago das cotas.

Artigo 10.-

A expulsión dos asociados/as será acordada pola Xunta Rectora, e deberá ser ratificada pola Asamblea Xeral, e en contra dela poderase recorrer diante da xurisdición ordinaria.

Artigo 11.-

A Asociación constará de dúas clases de asociados

1) Institucionais:

a.- Fundadores.

Serán as institucións que promoven a constitución e fundación desta Asociación:

- Concello da Capela
- C.E.I.P. “Mosteiro de Caaveiro”

b.- Asociacións e entidades sin animo de lucro da Capela que así o soliciten.

Estarán representadas pola persoa que a entidade designe; o seu nomeamento, cese ou substitución deberá ser comunicado ante a Xunta Rectora.

2) Os socios de número, que poderán ser de dúas clases:

a.- Ordinarios

Todas as persoas físicas e/ou xurídicas, con plena capacidade de obrar, que desexen colaborar nas actividades da Asociación e así o soliciten ante a Xunta Rectora.

b.- Protectores

Aquelas persoas físicas e/ou xurídicas, entidades ou institucións que, a criterio da Xunta Rectora e polo seu apoio económico, funcional ou material á Asociación sexan merecedoras de tal consideración.

3) Socios de honra.

Aqueles que destacan, a criterio da Asamblea Xeral pola sua especial contribución ó desenvolvemento dos fins da Asociación.

Artigo 12.-

Os socios institucionais e de número, teñen os seguintes dereitos:

- Tomar parte en calquera actividade que a Asociación organice.
- Participar con voz e voto na Asamblea Xeral, así como ser elector e elexible para os cargos directivos.
- Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos directivos, e sobre o estado de contas.
- Recepción gratuita de folletos e publicacións editadas pola Asociación.
- Entrada gratuita ás instalacións do Museo, e a aquelas actividades que determine a Xunta Rectora.
- Formular propostas e suxerencias sobre as actividades da Asociación.

Artigo 13.-

Os socios institucionais e de número, teñen as seguintes obrigas:

- Colaborar nas actividades da Asociación.
- Asistir ás Assembleas Xerais.
- Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da Xunta Rectora.

Ademais, os socios de número ordinarios, e os institucionais non fundadores, deberán:

- Satisfacer as cotas establecidas pola Asamblea Xeral.

CAPITULO III. DO FUNCIONAMENTO ASOCIATIVO.-

REXIME XERAL.

Artigo 14.-

A Asociación rexeráse segundo os presentes estatutos, sempre que os seus contidos non se opoñan ás leis nin contradigan os principios contidos na Lei Orgánica 1/2002 e o seu desenvolvemento regulamentario.

Artigo 15.-

O goberno e a representación da Asociación están a cargo dos seguintes órganos:

- A Asamblea Xeral, como máximo órgano colexiado de goberno da Asociación.
- A Xunta Rectora, como órgano colexiado en quen a Asamblea delega o goberno permanente da Asociación.

- O presidente/a, o vicepresidente/a, o secretario/a e o tesoureiro/a, como órganos unipersoais e con funcións de goberno e de representación determinadas polos Estatutos.

ASAMBLEA XERAL

Artigo 16.-

A Asamblea Xeral é a reunión de tódolos membros da Asociación (representantes dos membros institucionais e os socios). Os seus acordos son vinculantes para tódolos demais órganos e ten a facultade de elixir ós membros da Xunta Rectora non natos.

Artigo 17.-

A Asamblea Xeral reunirse con carácter ordinario dentro dos dous meses seguintes ó peche do exercicio. Nesta assemblea tratarase e aprobarase:

- peche das contas de ingresos e gastos do exercicio correspondente ó ano anterior.
- plan de actuación e o presuposto de ingresos e gastos do ano seguinte.
- a memoria de xestión que presentará a Xunta Rectora sobre a súa actuación no ano anterior.

Artigo 18.-

A Asamblea Xeral reunirse con carácter extraordinario sempre que a convoque o Presidente da Asociación, un tercio dos membros da Xunta Rectora ou un tercio dos asociados.

Artigo 19.-

As convocatorias das Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, faránse por escrito, expresando o lugar, data e hora da reunión e Orde do día.

Adxuntarase a documentación necesaria para que os debates e decisións teñan lugar co debido coñecemento de causa.

As convocatorias remitiranse, alomenos, unha semana antes da data sinalada para a reunión.

Artigo 20.-

As Assembleas Xerais quedarán validamente constituídas cando estean presentes, alomenos, a metade dos seus membros; en 2ª convocatoria (pasada media hora) calquera que sexa o número de concurrentes.

Artigo 21.-

Os acordos das Assembleas tomaranse por votación, aprobándose por maioría simple dos participantes.

Artigo 22.-

Presidirá e moderará a Asamblea Xeral o Presidente da Asociación que será á vez o Presidente da Xunta Rectora.

Actuará como secretario o que o sexa da Xunta Rectora.

XUNTA RECTORA.-

Artigo 23.-

A Xunta Rectora estará formada por:

a) Vocais natos:

- 2 membros designados polo Concello que asumirán a presidencia e a tesorería respectivamente.
- 2 membros designados polo C.E.I.P. “Mosteiro de Caaveiro” que asumirán, respectivamente, a vicepresidencia e a secretaría.
- 1 representante do Arcebispado de Santiago (en base ó acordo de cesión da Casa Rectoral para sede da Asociación).

b) Vocais elexidos pola Asamblea Xeral:

- 2 representantes das asociacións e entidades sen animo de lucro da Capela.
- 1 representante dos socios ordinarios.
- 1 representante dos socios protectores.

Ditos representantes serán propostos á Asamblea por cada un dos seus propios colectivos (Asociacións e entidades, socios ordinarios e socios protectores)

Artigo 24.-

A Xunta Rectora renovarase seguindo os criterios seguintes:

a) Vocais natos:

- Os representantes do Concello, nomeados polo Pleno, coa correspondente lexislatura.
- Os do Colexio, nomeados polo Consello Escolar (preferentemente un representante do claustro e outro dos pais), na metade de cada legislatura municipal.

b) Os outros vocais renovaranse cada 2 anos na Asamblea Xeral.

Artigo 25.-

Serán funcións da Xunta Rectora:

- Representar a Asociación.
- Interpreta-los Estatutos e o Regulamento de Reximen Interno, e velar polo seu cumprimento.
- Executa-los acordos da Asamblea Xeral.
- Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- Administra-los fondos e patrimonio da Asociación.
- Nomear comisións, grupos de traballo.
- Aproba-los programas de investigación e de actividades do Museo.

- Solicitar subvencións e redacta-lo presuposto da Asociación que será sometido á aprobación da Asamblea.
- Propoñe-lo nomeamento ou cese do Director e outros cargos do Museo.
- Nomear Colaboradores ou asesores, se o considera necesario.
- Promover cantas actividades sexan necesarias para o mellor cumprimento dos fins da Asociación.

CARGOS E FACULTADES DOS DIRECTIVOS DA XUNTA RECTORA.

Artigo 26.-

26.1.- Presidente/a:

Será nomeado polo Pleno do Concello. O seu mandato será de catro anos coincidindo coa lexislatura.

As súas funcións son:

- Representar legalmente á Asociación en actos e contratos con autoridades e organismos.
- Defende-los intereses, incluídas accións legais, da Asociación.
- Ordena-los pagos que sexan procedentes, firmando co tesoreiro, cheques, recibos e documentos análogos.
- Autorizar co Vº Bº as actas e certificacións expedidas polo secretario, o tesoreiro ou a Xunta Rectora.
- Impulsar e desenvolve-las actividades da Asociación.

26.2.- Vicepresidente/a:

Será designado polo Consello Escolar do C.E.I.P. “Mosteiro de Caaveiro”. O seu mandato será de 4 anos.

Representará ó Presidente naqueles casos ou asuntos que éste lle delegue e substituirá en caso de renuncia, ausencia ou impedimento.

26.3.- Tesoreiro/a:

Será designado polo Pleno do Concello. O seu mandato será de 4 anos coincidindo coa lexislatura.

As suas funcións son:

- Administra-los fondos da Asociación de acordo co disposto pola Xunta Rectora. Para iso responderá das cantidades das que se faga cargo ou se ingresen na conta da Asociación.
- Intervir en tódalas operacións contables da Asociación, revisando e informando das contas rendidas.
- Dar cumprimento das ordes de pago que expida a Asociación.
- Efectuar e presentar balance e presuposto anual que serán presentados á Xunta Rectora para que as someta a aprobación da Asamblea Xeral.

26.4.- Secretario/a:

Será designado polo Consello Escolar do C.E.I.P. “Mosteiro de Caaveiro”. O seu mandato será por 4 anos.

As suas funcións son:

- Asumir todas as funcións propias da Secretaría e arquivo da Asociación.
- Levantar actas das reunións da Xunta Rectora e da Asamblea Xeral.
- Notificar convocatorias da Xunta Rectora e da Asamblea.
- Coidar da correspondencia e custodiar-la documentación oficial.
- Redactar-las memorias anuais.
- Recibir e tramitar-las propostas de novos membros.
- Levar un ficheiro ou libro de rexistro destes.

26.5.- Vocais:

Efectuarán as funcións propias da Xunta Rectora segundo as misións que ésta lles encomende.

Poderán substituír ó Vicepresidente, Tesoureiro e Secretario, de acordo co resto da Xunta Rectora.

REUNIÓN DA XUNTA RECTORA.

Artigo 27.-

25.1.- A Xunta Rectora reunirase alomenos trimestralmente así como cando o soliciten por escrito ó Presidente, como mínimo un tercio dos seus membros. As convocatorias serán feitas polo Secretario co VºBº do Presidente con tres días de antelación e incluíranse na mesma a orde do día.

25.2.- Os acordos da Xunta Rectora, válidamente constituída, tomaráanse por maioría simple dos asistentes decidindo en caso de empate o voto de calidade do Presidente ou do que faga as súas veces.

25.3.- A Xunta Rectora estará válidamente constituída cando asistan a metade máis un dos seus membros.

25.4.- De cada unha das sesións levantará acta o secretario que levará o libro correspondente.

Artigo 28.-

A Xunta Rectora ou unha comisión nomeada por ésta poderá redactar un Regulamento de Réxime Interno que regule o funcionamento do Museo así como calquera outro aspecto da vida da Asociación non contemplado suficientemente nestes Estatutos. Este Regulamento poderá ser modificado en calquera momento. Tanto a súa aprobación como a súa modificación serán pola Asamblea Xeral.

RÉXIME ECONÓMICO.-

Artigo 29.-

29.1.- A Asociación carece de Patrimonio fundacional, e, os posibles beneficios obtidos como consecuencia das súas actividades económicas, deberán destinarse exclusivamente ó cumprimento dos seus fins.

29.2.- Os recursos da Asociación procederán de:

- As axudas que o Concello da Capela estableza.
- As cotas periódicas que entreguen os seus socios (persoas individuais, entidades, asociacións, sociedades, etc.)
- Subvencións de institucións (Xunta de Galicia, Deputacións, etc.)
- Subvencións, legados ou doazóns que poidera recibir.
- Os ingresos que se obteñan mediante as actividades lícitas que, dentro dos fins estatutarios, acorde realiza-la entidade (entradas, venda de publicacións, etc.)
- Calquera outro recurso lícito que, como tal, sexa no seu día aprobado ou aceptado pola Asamblea Xeral.

29.3.- O exercicio asociativo e económico será anual, e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

29.4.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositadas os mesmos, deberán ter recoñecidas as firmas: o Presidente e o Tesoureiro, para o emprego conxunto delas.

CAPITULO IV. DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN

Artigo 30.-

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Rectora ou da metade dos asociados, en asamblea xeral extraordinaria, tendo a modificación como único punto da orde do día.

Artigo 31.-

A Asociación disolveráse polas causas seguintes:

- a) Pola vontade dos seus membros, acordada pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.
- b) Por outras causas determinadas legalmente.
- c) Pos sentenza xudicial.

Artigo 32.-

En caso de disolución, a Asamblea Xeral nomeará unha Comisión para cumprir co que a continuación se expresa:

- Comunicación ó rexistro de Asociacións correspondente, para proceder á inscrición da disolución da Asociación.
- Proceder á liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos, e fixando o haber líquido resultante, atendendo ás seguintes consideracións:
 - Devolver ós seus respectivos lexítimos propietarios os obxectos de calquera clase que tiveran depositado no Museo.
 - Aqueles que non figuran con propietario lexítimo pasarán ó Concello, ó Colexio (se opta por “reface-la súa colección etnográfica”) ou a outro Museo da comarca.
 - Entregaránse documentos, libros, ficheiros e datos científicos ó Concello da Capela.
 - Se houberse numerario será adicado a financiar un programa de actividades culturais que de común acordo sinalen o Concello e o Colexio.

-----OOOOOO-----